

Quiz – primaria

Benvid@s ao desafío científico-tecnolóxico Galiciencia 2024

Estás a realizar o Quiz correspondente ao primeiro reto do desafío de Galiciencia 2024. Responde con calma as preguntas que irás encontrando a continuación.

0%

1.

Escribe o nome do teu equipo e o centro no que estudades



2.

Canto mide a árbore máis alta do mundo?

- 50 m
- 76 m
- 115 m
- 223 m

3.



Que significa que unha árbore sexa *ripícola*?

- Que ocupa moito espazo
- Que é unha especie autóctona ligada aos cursos fluviais
- Que ten follas de cores escuras

4.



Cal das seguintes especies de árbore dá a madeira máis lixeira?

- Balsa (*Ochroma pyramidale*)
- Abeto alpino (*Abies lasiocarpa*)
- Oliveira de Sudáfrica (*Olea laurifolia*)

5.



Cada canto tempo se recupera a casca das sobreiras que extraemos para fabricar obxectos de cortiza?

- Cada ano
- Cada 9 anos

○ Non se recupera nunca

6.



A cantidade de madeira que podemos obter dunha árbore depende do volume do seu tronco. A sequoia xigante Xeneral Sherman posúe o tronco máis voluminoso do planeta, de cantos metros cúbicos estamos a falar?

○ 1500 m³

○ 1150 m³

○ 924 m³

7.



A que me estou a referir se falo de *micorriza*?

○ Á raíz dalgunhas especies de cereais como o arroz

○ Á semente dunha árbore aínda sen xerminar

○ Á asociación simbiótica entre os fungos e as raíces das árbores

8.




Podemos coñecer a historia da vida dunha árbore despois de tallala?, que temos que mirar?

- Os nervios das follas
 - Os buratos na casca
 - Os aneis do tronco
- 9.



Onde se encontra o bosque primario máis grande de Europa?

- Entre Polonia e Belarús
 - No Reino Unido
 - Nas Illas Canarias
- 10.



Na Península Ibérica podemos atopar dous tipos de bosques en función do clima, cales son?

- Bosque temperado e frío
- Bosque Atlántico e Mediterráneo
- Bosque boreal e tropical


11.



Que é una especie endémica?

- Aquela que perde as follas no outono
- A que está en perigo de extinción
- Especies que só viven en zonas moi concretas

12.



Entre as seguintes especies coouse unha que non é propia da Península Ibérica, saberías dicir cal?

- Sobreira (*Quercus suber*)
- Carballo (*Quercus robur*)
- Eucalipto arcoíris (*Eucalyptus deglupta*)
- Aciñeira (*Quercus ilex*)

13.



As follas dunha árbore sérvenlle para fabricar alimento mediante a fotosíntese. Cantas follas podemos atopar na copa dun carballo adulto?

- 200 000
 - 750 000
 - 3 millóns
- 14.



Cal das seguintes especies podemos considerar de crecemento rápido?

- Castiñeiro
 - Freixo
 - Abeto
- 15.



Que factores poden influír na vitalidade dun bosque?

- Contaminación, acidificación do solo, lumes ou tormentas
 - Idade media das árbores que se cortan e número de arbustos mortos
 - Densidade do solo, número de ríos e poboación de chimpancés
- 16.



En que parte dunha casa poderíamos atopar madeira?

- Ventás
 - Armazón
 - Chan
 - En todas as anteriores
- 17.



Que comunidade autónoma lidera o sector forestal a nivel nacional?

- Galicia
- Andalucía
- Navarra

Seguinte >

Ver resposta

View Results